



# BOP

MÉRCORES, 15 DE NOVIEMBRE DE 2023 N.º 262

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

*Anuncio*

#### CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2023: RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día trece de outubro de dous mil vinte e tres acordou:

*Primeiro. Aprobar a resolución provisional de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023, de acordo aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.*

*Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.*

*Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.*

En aplicación do previsto no referido acordo e na base décima, **RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓNS** das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP N.º 242 do sábado, 21 de outubro de 2023 da (**RESOLUCIÓN PROVISIONAL PREMIOS DEPORTISTAS RALLYS (PÁX 1, R. 3259)**) da notificación aos interesados do acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para que os interesados puideran presentar alegacións. O referido acordo publicouse así mesmo na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>

En consecuencia e en aplicación do indicado, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día trece de outubro de dous mil vinte e tres, terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procédese á publicación no BOP de Lugo do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Así mesmo, procédese á súa publicación na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>

Ao abeiro do previsto na base décima, **RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓNS** das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP de Lugo. Así mesmo, realízase a súa publicación na páxina web da Deputación de Lugo <http://www.deputacionlugo.gal>

O que se notifica para os efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

O Presidente, P.D. Decreto de data 04/07/2023.-O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3517

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

### Anuncio

#### **APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de outubro de 2023, acordou á aprobación inicial do Regulamento de Organización e Funcionamento do Tribunal administrativo de recursos contractuais da Deputación de Lugo.

E en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, se somete o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado na Secretaría (Sección de Actas) para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Ase mesmo, estará a disposición dos interesados na páxina web da Deputación.

Se transcorrido dito prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente.

Lugo, 7 de novembro de 2023.- "O PRESIDENTE,P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón".

R. 3527

## SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

### Anuncio

#### **PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 14 DE NOVEMBRO DE 2023 POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E A DATA DE CONSTITUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

*"Por resolución da presidencia de 07.11.2023, apróbase a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas, composición do Tribunal e data de constitución e posterior valoración de méritos (BOP núm. 257, do 09.11.2023), do procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo en tres (3) prazas denominada administrativo/a, cota xeral, incluídas na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado 1B) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso, acceso libre, publicándose no BOP núm. 070, do 25.03.2023.*

*Con data 10.11.2023 e número de rexistro de entrada 2023RT016874, Dona Leticia Rodríguez Díaz, nomeada secretaria titular do Tribunal cualificador do dito procedemento selectivo, solicita non participar no proceso selectivo por ter causa de abstención prevista no art.23.2 da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.*

*En base ao anteriormente exposto, apreciando causa de abstención, débese acceder ao solicitado e, conforme ao sinalado na base xeral 7.3 que literalmente sinala: "A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior", proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, **RESOLVA:***

1º.- Ordenar a dona Leticia Rodríguez Díaz, nomeada como secretaria titular por resolución da presidencia do 07.11.2023 (BOP núm. 257, do 09.11.2023) para formar parte do Tribunal do procedemento selectivo de administrativo/a (BOP núm. 224, 29.09.2022), que se absteña de intervir no procedemento selectivo, por apreciar a causa de abstención á que se refire o artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, do 30 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, resolvendo e a abstención solicitada pola interesada.

2º. Nomear secretaria titular a dona Montserrat Conde López, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo como substituta de dona Leticia Rodríguez Díaz.

3º. Modificar a data de constitución do Tribunal, citando ás persoas que forman parte do mesmo para que comparezan o venres día 17 de novembro de 2023, ás 9 horas e 15 minutos, no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a súa constitución. O resto de datas son as aprobadas por resolución da presidencia do 07.11.2023, publicadas no BOP núm. 257, do 09.11.2023.

4º. Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución, non caberá recurso algún sen prexuízo de que poida alegar a recusación ao interpoñer o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo 14 de novembro de 2023.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R.3553

## CONCELLOS

### CHANTADA

#### Anuncio

Polo Concello Pleno na sesión ordinaria celebrada con data 19 de outubro de 2023 se acordou pola unanimidade dos seus Membros o seguinte:

(...) **5º.-Moción do PS de G-PSOE para proceder ao cambio de nome da Rúa Travesía do Concello por "8 de marzo".-RE 1362 do 4 de outubro de 2023. (...)**

(...) *Aprobouse POLA UNANIMIDADE dos membros da corporación a moción presentada e xa que logo acordouse:*

**Unico.-Cambiar o nome da Rúa Travesía do Concello polo de "8 de marzo" (...)**

Visto o mandato plenario e en virtude das facultades conferidas pola lexislación aplicable de réxime local, a **Alcaldía RESOLVEU mediante decreto 2023-1023 o seguinte:**

(...) **PRIMEIRO.-**Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica deste Concello <http://chantada.sedelectronica.es>, e no Taboleiro de Anuncios, e asimesmo nun xornal con alomenos area de difusión provincial a efectos do seu xeral coñecemento.

**SEGUNDO.-**Notificar ás Administracións Públicas interesadas e ás Entidades, empresas e Organismos que presten no Municipio servizos destinados á colectividade a saber: INE, Servizo Postal, Servizos Eléctricos, de Gas, Augas, Corpos e Forzas de Seguridade, Policía Local, Xulgado, Servizos Autonómicos e outros.

**TERCEIRO.-**Notificar aos interesados, propietarios, residentes e empadroados na Rúa renomeada que pasou a denominarse "8 de marzo" xunto cos recursos procedentes." (...)

Chantada, 8 de novembro de 2023.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3480

## O CORGO

#### Anuncio

**RESULTADOS DOPROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA O ACCESO, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE, A UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADSCRITA AO POSTO DE TRABALLO DE ENCARGADO DA CONTABILIDADE, AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ART 2 DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.**

Rematado o proceso de referencia, de conformidade coa base décima das convocatorias, fanse públicos os resultados do mesmo.

O Tribunal propuxo o nomeamento como funcionario de carreira da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, adscrita ao posto de encargado da contabilidade de:

NOME APELIDOS	DNI	PUNT. FASE OPOSICIÓN	PUNT. FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTANTINO VILA ABUIN	**2905***	49,75	32	81,75

De conformidade coas bases, o Tribunal elevou as relacións precedentes, xunto coas actas das sesións ao Sr. Alcalde.

A publicación das puntuacións se realizará no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, a documentación relacionada na base undécima, no caso de non tela presentado con anterioridade.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, os seleccionados non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/ta, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel por falsidade na solicitude de participación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de UN MES a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

O Corgo, 7 de novembro de 2023.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3481

## FRIOL

### Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 16/2023, (quinto de competencia do Pleno), financiado con maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro de 2023, por un importe total de VINTE E SETE MIL SEISCENTOS VINTESEIS EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS DE EURO (27.626,25 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.332.241,06.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos .....	2.283.858,61.-
3.- Gastos financeiros.....	6.100,00.-
4.- Transferencias correntes.....	181.848,55.-
6.- Inversións reais.....	1.555.545,16.-
7.- Transferencias de capital.....	56.400,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.415.993,38.-

Na mesma sesión plenaria, acordouse a modificación do Anexo de Inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 7 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3482

## O PÁRAMO

### *Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía de data 13.11.2023, aprobáronse a convocatoria e as bases para a **ampliación da bolsa de emprego temporal para AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR creada por Resolución de Alcaldía nº 2023-0133 de 05/06/2023.**

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O Páramo, 13 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 3554

## RIBADEO

### *Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓNS EN DIVERSAS ORDENANZAS FISCAIS MUNICIPAIS.**

Por acordo plenario de data 14/07/2022 foi aprobado inicialmente a modificación das Ordenanzas fiscais que se citan expoñéndose ao público por prazo regulamentario de 30 días se que se formulanse alegacións segundo consta na correspondente certificación estendida ao efectos no expediente correspondente. Procede pol tanto a publicación definitiva do texto que se modifica:

**Modificación da Ordenanza Fiscal I4 , reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.**

Modifícase o **artigo 7. “Bonificacións, e deducións”** coa seguinte nova redacción:

**Artigo 7. Bonificaciónse deducións:**

1. Establécense unhas bonificacións do 25, 40 ou 55 % da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións ou obras que se desenvolvan no casco histórico de Ribadeo e Rinlo, no ámbito das Areas de Rehabilitación Integral do casco histórico da Vila de Ribadeo e Rinlo, delimitado en cada momento polos convenios nesta materia vixentes asinados coa administración estatal e/ou autonómica, toda vez que se considera que esas actuacións, unha vez concedida subvención polo Concello, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros desta.

**2. Bonificación por fomento do emprego:**

2.1.- Dacordo co previsto no artigo 103.2. a) do TRLRHL, establécense unha bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación por voto da maioría simple dos seus membros, previa solicitude do interesado.

2.2.- A bonificación por fomento de emprego será de carácter rogado, debendo presentar o suxeito pasivo a correspondente solicitude, e rexistrala segundo o disposto no artigo 16 da Lei 39/2015. Esta solicitude presentaráse no momento de achegar a documentación necesaria para a obtención da correspondente licenza, e en calquer caso, antes da concesión da mencionada licenza.

Concorren circunstancias de fomento de emprego cando a realización das construcións, instalacións ou obras dan lugar a implantación dunha nova actividade económica ou a nova construción ou ampliación das instalacións, e impliquen creación de emprego. O resultado da construción, instalación ou obra constituirá o centro de traballo no que se adoptan as medidas de fomento do emprego. O Pleno declarará, se procede, o especial interese ou utilidade municipal en base á memoria presentada polo solicitante e ao informe do departamento municipal con competencias en materia de Emprego, e concederá o beneficio fiscal, fixando a porcentaxe a aplicar e condicionado á comprobación posterior do cumprimento dos requisitos esixidos.

2.3. O solicitante, que en todo caso debe ser o dono da obra ou o titular da actividade económica, debe presentar xunto coa solicitude:

- Xustificante de estar ao corrente no pago coa facenda estatal, autonómica, e nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

- Memoria xustificativa sobre a actividade económica de nova creación ou de ampliación de instalacións, na que conste número de novos postos de traballo creados, categoría profesional, modalidade e duración da contratación.

- Declaración responsable do cumprimento dos 3 requisitos que se describen a continuación:

1º) Creación de novos postos de traballo por parte do promotor ou titular do establecemento mercantil das obras, que deben ser cubertos por persoas que non tivesen unha relación laboral dependente co promotor ou titulado do establecemento mercantil nos últimos 12 meses anteriores á data de contratación, nin con calquer outra empresa pertencente ao mesmo grupo empresarial, segundo definición dada polo artigo 42 do Código de Comercio. As persoas contratadas poderán proceder do alumnado participante na modalidade de formación profesional dual que nos últimos doce meses anteriores á data de contratación tivese algunha vinculación ca empresa, ben como bolseiro ou mediante un contrato de formación e aprendizaxe.

2º) As contratacións deberán ser indefinidas e a xornada completa.

3º) Que, ao menos 1/3 dos novos contratos sexa con traballadores en situación de desemprego inscritos no SPEG e empadroados en Ribadeo. Cando resulte un número de contratos non enteiro, redondearase ao enteiro superior.

Acreditado o cumprimento destes requisitos, a porcentaxe de bonificación determinarase en función do número de novos postos de traballo creados, dacordo co seguinte cadro:

POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN	% BONIFICACIÓN
De 1 a 5	50%
De 6 a 10	75%
De 11 a 15	80%
De 16 a 20	85%
Máis de 20	95%

2.4.- Aos efectos deste beneficio fiscal:

a.- Considéranse actividades económicas obxecto desta bonificación, as actividades industriais ou comerciais previstas nas correspondentes Seccións do IAE.

b.- Enténdese que se implanta unha nova actividade económica cando se procede a ordenación por conta propia de medios de produción e/ou recursos humanos, sendo a súa finalidade a de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos. Non se considera nova actividade económica cando se exercera anteriormente baixo outra titularidade. A actividade exerceuse anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade, así coma nos casos de constitución de sociedades para o desenvolvemento de actividades exercidas a título individual por un ou varios socios que ostenten o control das mesmas.

Tampouco se considerarán supostos de nova actividade económica:

1. Cando a alta corresponda a unha transformación da forma xurídica da titularidade da actividade. .
2. Cando a alta responda a un cambio de epígrafe por imperativo legal ou para subsanar unha errónea cualificación anterior.
3. Cando a alta se refira a un novo local dunha actividade que previamente se desenvolvía polo mesmo titular.
4. Cando a alta estivera precedida dunha baixa de actividade e suxeito pasivo, nun período de 5 anos.

c.- Enténdese que hai unha nova construción ou ampliación de instalacións cando conste a autorización municipal que proceda para a súa realización.

d.- Enténdese que existe creación de emprego cando se constate un incremento de persoal como consecuencia do inicio da actividade ou da ampliación das instalacións. En sentido contrario, non existe creación de emprego cando non hai incremento neto de persoal no conxunto dos centros de traballo radicados no municipio de Ribadeo.

2.5.- Comprobación posterior do cumprimento dos requisitos: O Concello deberá comprobar, no exercicio seguinte ao inicio da actividade e, en todo caso, antes do período de prescrición do dereito a liquidar, o cumprimento efectivo das condicións de goce do beneficio e, de ser o caso, regularizará a situación tributaria.

Para a correcta comprobación do cumprimento dos requisitos o interesado deberá achegar a seguinte documentación

- .- Certificados de estar ao corrente coa Facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
- .- Identificación da comunicación previa de inicio de actividade ou solicitude do título habilitante para o exercicio da mesma no Concello de Ribadeo.
- .- Informe de vida laboral das contas de cotización dende o inicio ou ampliación da actividade.
- .- Relación dos traballadores contratados con expresión do seu nome e apelidos, NIF, nº de afiliación á seguridade social, data de inicio, modalidade e duración do seu contrato.
- .- Relacións nominais de traballadores -RNT- e recibos de liquidación das cotizacións -RLC-
- .- Copia dos contratos de traballo dos empregos contratados.
- .- No seu caso, TA2 de baixa dos traballadores indefinidos contratados que causaron baixa por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou por resolución durante o periodo de proba.
- .- Certificación de períodos de inscrición da oficina do Servizo Galego de Colocación no que estivera inscrita
- Informe de vida laboral relativo os doce meses anteriores á data da contratación

2.6. En todo caso, a bonificación concederáse baixo condición resolutoria, de maneira que de non presentarse a xustificación de cumprimento dos requisitos, quedarán sen efecto a bonificación que se conceda, procedendo á regularización tributaria.

2.7.-As construcións, instalacións ou obras que se inicien sen terse concedido a licenza municipal -sempre e cando sexa preceptiva-, ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, no seu caso, non poderán acollerse aos beneficios fiscais previstos neste artigo.

3. Establécense unhas bonificacións do 50% ou 90% da cota do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor das construcións, instalacións ou obras que teñan lugar nos inmobles que se atopan dentro da catalogación de protección integral no PEPRICH/PXOM vixente en cada momento ou instrumento que o substitúa, en atención á súa complexidade para a rehabilitación polas grandes limitacións que recolle o planeamento, toda vez que se considera que esas actuacións, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros desta.

A bonificación ordinaria será do 50%, non obstante cando se acredite polo solicitante que a finalidade da actuación redundará na creación de emprego, atendendo ao destino total ou parcial do inmovible, esta ascenderá ao 90%. A creación de emprego deberá ter lugar nun prazo máximo de 2 anos dende a finalización das construcións, instalacións ou obras, debendo manterse por un período similar, doutro xeito procederá o reintegro do importe bonificado en exceso xunto cos xuros correspondentes.

4. Deducións. Establécese, asemade, como dedución da cota íntegra ou bonificada do Imposto, o importe satisfeito ou que deba satisfacer o suxeito pasivo en concepto de Taxa polo outorgamento da Licenza Urbanística correspondente á construción, instalación ou obra de que se trate e na que concorrera a declaración de especial interese ou utilidade municipal recollida nos apartados 1 a 3 do presente artigo, pola mesma porcentaxe que se autorice de bonificación en cada caso, ata o límite da cota restante do imposto unha vez aplicadas as bonificacións que procedan.

5. A bonificación e a dedución establecidas nos anteriores parágrafos serán de aplicación, de ser procedentes, tanto ás liquidacións ou autoliquidacións provisionais coma definitivas do Imposto.

6. O procedemento de concesión da bonificación e no seu caso a dedución recollida nos parágrafos anteriores, iniciarase por solicitude do interesado á que deberá acompañar xustificación emitida pola Oficina de Rehabilitación, no que atinxe ás actuacións no casco histórico de Ribadeo ou Rinlo, acreditativa de que a actuación é obxecto de axuda.

Para as iniciativas locais de emprego, deberá acreditarse mediante informe do servizo de Emprego Local a concorrencia nas construcións, instalacións ou obras das circunstancias de especial interese ou utilidade municipal derivadas das circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou do fomento do emprego que se aleguen, para a ILE que se pretenda apoiar.

Para os inmobles catalogados no PEPRICH/PXOM ou documento análogo con protección integral, deberá achegarse xunto coa solicitude do interesado, informe dos servizos técnicos do concello no que se acredite o cumprimento da condición citada, e se se opta pola bonificación do 90%, xustificación documental suficiente de que a finalidade da construción, instalación ou obra redundará na creación de emprego. Neste caso, polos

servizos técnicos municipais realizarase un seguimento do proceso para garantir que se cumpren os prazos sinalados no apartado terceiro.

A solicitude do suxeito pasivo, coa incorporación no seu caso dos informes procedentes, pasará ao Pleno da Corporación que por maioría simple dos seus membros acordará a concesión ou denegación da bonificación solicitada, e no seu caso da dedución sobre a cota bonificada, ponderando a totalidade das circunstancias concorrentes na petición efectuada e que esta reúna illada ou conxuntamente as circunstancias a que se fixo referencia, a cal oportunidade e fundamento serán de apreciación polo Pleno Corporativo.

O acordo municipal declarando o especial interese ou utilidade social da construción, instalación ou obra implicará a expedición dunha nova liquidación polos servizos municipais coa aplicación da bonificación do 25, 40, 50, 55 ou 90% á liquidación de que se trate, así coma no seu caso a dedución da cota íntegra do imposto do importe satisfeito ou que se deba satisfacer en concepto de taxa por licenza urbanística ata o límite da cota restante do imposto unha vez aplicadas as bonificacións que procedan.

7. As anteriores bonificacións non se aplicarán simultaneamente.

8. Establecese unha bonificación do 10% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. Está bonificación ten carácter rogado, previa acreditación do cumprimento das condicións establecidas para a súa aplicación”.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

### Modificación da Ordenanza Fiscal I1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmобles.

Modifícase o artigo 3. “Bonificacións” coa seguinte nova redacción:

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figure entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que , en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2. As vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma gozarán dunha bonificación do 50 por 100 da cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva.

3. Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota íntegra os bens de natureza rústica titularidade de Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra, nos termos regulados no artigo 33.4 da Lei 20/1990, de 19 de decembro, de Cooperativas.

4. Gozarán de bonificación os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual, e na que estea empadroadado, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa (Lei 40/2003, de 18 de novembro)	% bonificación se valor catastral menor ou igual que 25.000 €	% bonificación se valor catastral entre 25.001 € a 40.000 €	% bonificación se valor catastral entre 40.001 a 55.000 €.
Xeral	35	20	10
Especial	50	35	25

Para a aplicación desta bonificación será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar:

- O empadramento na vivenda de solicitude.
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.
- Non superar a unidade familiar uns ingresos brutos de 55.000,00 €, o que se acreditará mediante a presentación das declaracións do IRPF ou certificacións de ingresos do último exercicio de tódolos integrantes desta que superen os 18 anos.

Non se poderá aplica-la bonificación a máis dunha vivenda por titular.



5. Para gozar da bonificación do número 1º deste artigo os interesados deberán solicitar a súa concesión acreditando os seguintes extremos:

- a) A data de inicio e fin das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do Técnico-Director destas, visado polo Colexio Profesional.
- b) Que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción ou promoción inmobiliaria, mediante a presentación de copia autenticada dos estatutos da sociedade.
- c) Que o inmovible obxecto de bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante copia autenticada do último balance incorporado na declaración polo Imposto sobre Sociedades, no seu caso; ou certificación do titular ou Administrador da Sociedade.

6. De acordo co disposto no artigo 74.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 que aproba o Texto da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación do 90 por cento da cota íntegra do Imposto a favor dos bens inmoables urbanos situados nos núcleos rurais do Concello de Ribadeo recollidos no PXOM, con excepción dos relativos ao propio Ribadeo e Rinlo, que estean dedicados directamente a actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro ou forestal, sempre coa excepción da vivenda habitual.

A bonificación outorgarase previa solicitude do interesado na que se fagan constar os seguintes datos:

- a. Nome e apelidos do titular do inmovible.
- b. Indicación da parcela catastral.
- c. Superficie dedicada a todos ou a algúns dos usos anteriores.
- d. Xustificante de alta no IAE ou rexistro similar que acredite o desenvolvemento polo solicitante de actividades do sector primario que dean dereito á bonificación.

Á solicitude acompañarase fotocopia do último recibo de IBI.

A resolución administrativa do expediente adoptarse previa inspección e informe dos servizos municipais, no que se faga constar a superficie do inmovible realmente dedicado aos usos indicados, e o cumprimento do resto de requisitos da bonificación.

#### **7. Bonificación por fomento do emprego.**

7.1.- Segundo o previsto no art. 74.2. quáter do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre a cota tributaria do imposto a favor dos inmoables nos que se desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial no inmovible, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

7.2.- Dado que a presente bonificación é análoga á que se prevé no art. 7 da Ordenanza Fiscal I4 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se accede segundo a puntuación total que, segundo o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación.

7.3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Bens Inmoables, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IBI se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

7.4.- A bonificación no IBI surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros anos de exercicio da actividade.

7.5.- Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias de fomento de emprego, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

7.6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberanse manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

7.7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

8. As bonificacións reguladas neste artigo son rogadas, polo que deberán ser solicitadas polo suxeito pasivo do Imposto que, en todo caso, non poderá alegar analoxía para estende-lo seu alcance mais aló dos termos estritos en que figuran recoñecidas.

9. O efecto da concesión de bonificacións producirase a partir do exercicio seguinte á data de solicitude e non terá carácter retroactivo”.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### **Modificación da Ordenanza Fiscal I2, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.**

Modifícase o **artigo 4. “Bonificacións”**, coa seguinte nova redacción:

1. Gozarán duna bonificación do 50% da cota, os que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota municipal, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenrolo da mesma.

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que se exerceu a actividade anteriormente baixo outra titularidade, entre outras, nos supostos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará ós cinco anos dende a finalización da exención establecida no párrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da Lei.

#### **2. Bonificación por fomento do emprego.**

2.1.- Segundo o previsto no art. 88.2.e) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre da cota tributaria do imposto a favor dos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifesto a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

2.2.- Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no art. 7 da Ordenanza Fiscal I4 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se accede segundo a puntuación total que, segundo o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación. A bonificación limitarase á cota municipal sobre do inmovible de nova construción ou ampliación, non se extendendo a outros establecementos que teñan cota tributaria separada polo imposto do suxeito pasivo dentro do termo municipal.

2.3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Actividades Económicas, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IAE se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

2.4.- A bonificación no IAE surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade.

2.5.- Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias de fomento de emprego, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberanse manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir disfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

2.7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

3. Gozarán dunha bonificación do 25% da cota os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que reúnan algunha das seguintes condicións:

a) utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de cogeneración. A estes efectos entenderanse instalacións para o aproveitamento das enerxías renovables as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento das Enerxías Renovables. Consideranse

sistemas de cogeneración os equipos e instalación que permiten a produción conxunta de electricidade e enerxía térmica útil.

b) Realicen sus actividades industriais desde o inicio da súa actividade ou por traslado posterior, en locais ou instalacións afastadas das zonas máis pobladadas do termo municipal.

c) Establezan un plan de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reduci-lo consumo da enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ó lugar do posto de traballo e fomenta-lo emprego dos medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou compartido.

4. As bonificacións anteriores terán carácter rogado. O efecto da concesión das bonificacións producirase a partir do exercicio seguinte á data de solicitude e non terá carácter retroactivo. As anteriores bonificacións non serán aplicables simultaneamente.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Ribadeo, 8 de novembro de 2023.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3483

### **SARRIA**

#### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PROVISIONAL**

O pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 26/10/2023, acordou aprobar provisionalmente a desafectación e por tanto a alteración da cualificación xurídica do seguinte ben inmovible: Traza dun ramal dun camiño público no lugar de San Miguel de Piñeira. A superficie obxecto de desafección correspóndese cun ramal do camiño "Suacorga", que en catastro se identifica coa referencia catastral 27057A0330090270000JL, que se desvía cara ao Leste e introdúcese nunha parcela particular sen saída. Expediente: 1442/2022. Peticionario: D. José Núñez Mourelo.

En cumprimento do disposto no artigo 8 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/transparency/db791878-d2b4-4664-b89c-50c253739d9f/>.

No devandito prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, elevarase automaticamente a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Sarria, 7 de novembro de 2023.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3484

### **XERMADE**

#### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial do orzamento do exercicio 2024**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 9 de novembro de 2023, o orzamento xeral para o exercicio económico de 2024, o cadro de persoal para dito exercicio e documentación anexa, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados poidan proceder ao seu exame e formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales serán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o orzamento para o exercicio 2023 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Xermade, 9 de novembro de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3518

### Anuncio

Por acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 9 de novembro de 2023 aprobose o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026, que se fai público para xeral coñecemento:

#### “PLAN EXTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE XERMADE

##### PERÍODO 2024-2026

##### PREÁMBULO.-

A lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), na liña de mellora da súa eficacia, dispón con carácter básico no seu artigo 8.1 que *“os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”*

En desenvolvemento das previsións contidas na LXS, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, no seu artigo 10, sen carácter básico, sinala que, o plan estratéxico de subvencións configúrase como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñen por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que *“os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ...”*

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e o crecemento económico.

Neste sentido, o presente Plan Estratéxico de Subvencións (en diante PES) detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da Corporación para os exercicios 2024, 2025 e 2026. A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e a súa financiación, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión e podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicio seguinte. O marco normativo xeral complementase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos.

Polo disposto, o Concello de Xermade elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2024-2026) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

##### ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA.-

Os Plans Estratéxicos de Subvencións teñen carácter programático, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros, senón que se trata dunha decisión programática de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

A efectividade do presente PES atopase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

##### ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS.-

A regulación xurídica en materia de subvencións establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

- a) Principio de publicidade e libre concorrência, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrência e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar coas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.
- b) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- c) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

d) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.

e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

### **ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.-**

O plan estratéxico de subvención do Concello de Xermade conta con diferentes obxectivos:

- Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.

- Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.

- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

### **ARTIGO 4. ÁMBITO TEMPORAL.-**

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2024, 2025 e 2026 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

### **ARTIGO 5. ACTUALIZACIÓN.-**

Poderán ser modificadas, substituídas ou eliminadas as liñas de subvención establecidas no presente PES, que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou adecuado ao nivel de recursos invertidos, tal e como se dispón na disposición adicional decimosétima da LXS ao establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación dos obxectivos. En todo caso, os cambios que poidan producirse deberán axustarse á lei e, fundamentalmente aos orzamentos de cada exercicio.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan se cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que, concluído o período de vixencia, non se tivese aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e contén con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

### **ARTIGO 6. APROBACIÓN.-**

O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica. Non obstante, o órgano competente para a aprobación das subvencións será o Alcalde.

### **ARTIGO 7. PUBLICACIÓN.-**

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Xermade publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e na sede electrónica municipal, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada. O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

### **ARTIGO 8. BENEFICIARIOS.-**

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

### **ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.-**

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.

2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.

Ambos procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo ata o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Tanto os procedementos de adxudicación directa como os de concorrencia competitiva deberán respectar os principios sinaladas neste Plan. Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitárase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.
5. Criterios de valoración en función da natureza da subvención.
6. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigas dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

B.1.-As previstas nominativamente no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos, aquelas en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

B.2.-Aqueles cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de Xermade por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

B.3.-Con carácter excepcional, aqueloutras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

#### **ARTIGO 10. PRAZOS DE EXECUCIÓN.-**

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo excepcional e debidamente motivados aqueles supostos nos que se fixe un prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberá aparecer recollido nas correspondentes bases das subvencións. O órgano de seguimento e control velará polo cumprimento do “calendario” da concesión de subvención, o cal debe ser aprobado no primeiro trimestre de cada ano.

#### **ARTIGO 11. FINANCIAMENTO.-**

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente.
2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.
3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

**ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL.-**

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

a) Control económico-financeiro das subvencións concedidas: está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

b) Control e seguimento do Plan: encoméndase á Xunta de Goberno Local, para o que, cada unha das Áreas que xestionan as subvencións remitirá no primeiro cuadrimestre de cada exercicio, e en todo caso, antes de que acabe o exercicio orzamentario memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- Obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- Subvencións concedidas, xustificadas, renunciadas e reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución, concretando o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- Os custos efectivos en relación aos previsibles.
- Conclusións ou valoración global na que conste a valoración en canto aos obxectivos perseguidos e a procedencia do mantemento ou supresión do programa.
- Suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións désignase á Xunta de Goberno Local.

A tal efecto se establecen coma indicadores relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

-Grao de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencions de concesión directa e en concorrencia competitiva.

-Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización ata que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

**ARTIGO 13. LIÑAS DE SUBVENCIONS**

As competencias nas que se vai desenvolver o plan estratéxico son as seguintes:

<b>Acción Social</b>	<b>Área 1</b>
<b>Educación + servizos complementarios</b>	<b>Área 2</b>
<b>Promoción cultural</b>	<b>Área 3</b>
<b>Festexos e tradicións populares</b>	<b>Área 4</b>
<b>Promoción e fomento de deporte</b>	<b>Área 5</b>
<b>Protección civil</b>	<b>Área 6</b>

**13.1. Área 1. Acción social.**

Enmarcense en dúas grandes áreas estratéxicas. Por un lado as emerxencias sociais, que é unha das competencias claramente propias dos concellos tras a reforma operada no ano 2013 e que tratan de servir como primeira actuación en casos de necesidade, e unha segunda liña que serían as axudas de fomento da natalidade.

<b>Acción Social</b>	<b>Área 1</b>	<b>Código 1.1</b>
<b>Axudas Emerxencia Social</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	<p>Consiste en facerse cargo dos gastos correspondentes a axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario.</p> <p>Dirixese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.</p>	

<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico.</li> <li>- Manter a familia como unidade básica de convivencia</li> <li>- Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida</li> <li>- Facer fronte a situacións de desprotección</li> <li>- Evitar situacións de marxinación</li> <li>- Axudar a conseguir a súa autonomía económica</li> <li>- Conseguiar a súa integración social</li> </ul>
<b>c. Prazo</b>	Anual
<b>d. Custo presupostado</b>	3.000,00 €
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Concesión directa
<b>g. Plan de actuación</b>	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.

Acción Social	Área 1	Código 1.2
<b>Axudas natalidade</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Consiste nunha axuda directa de 900,00 euros por neno/a nacido/a no municipio. Dirixese a familias empadroadas no municipio. As crianzas beneficiarias deben matricularse no CEIP Xermade.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Axudar ás familias que teñen crianzas no seu primeiro ano de vida, a fin de que se fixe poboación no municipio e se manteña o alumnado no CEIP Xermade.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	7.200,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Concesión directa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	

### 13.2. Área 2. Educación e conciliación familiar

Nesta área establécense cinco liñas:

1ª. A colaboración mediante subvención nominativa coa asociación "Educando en familia", que traballa coas crianzas de 0 a 6 anos no CEIP de Xermade.

2ª. Os campamentos "Xermade Concilia" como alternativa que se oferta aos proxenitores para poder conciliar vida familiar e profesional nos períodos de vacacións escolares.

3ª. Os certames literarios con motivo do Día das Letras Galegas ou Nadal, destinados ao alumnado do CEIP Xermade, a fin de fomentar a creación artística (literatura ou debuxo).

4ª. A colaboración mediante subvención nominativa coa Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP de Xermade, único centro educativo en funcionamento no municipio.



5ª. A UNED sénior, un programa formativo dirixido a maiores de 55 anos que se leva a cabo no noso municipio grazas ao Consello de Anciáns de Xestoso-Cambás, que coordina o párroco de San Mamede de Momán Luis Ángel Rodríguez Patiño.

Educación	Área 2	Código 2.1
<b>EDUCANDO EN FAMILIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Colaborar na prestación da atención educativa necesaria ás familias con crianzas menores de 6 anos	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Facilitar a aprendizaxe das crianzas e das súas familias no ámbito educativo, emocional, comunitario, etc., fomentando a reflexión educativa e a autoestima persoal e comunitaria das participantes	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	3.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.2
<b>CAMPAMENTOS XERMADE CONCILIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Xermade con nenos e nenas en idade escolar.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	7.471,90 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios e subvención igualdade Xunta de Galicia (para custes de persoal)	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrancia	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica realízase a través da asunción polo concello de parte do custo do servizo, de xeito que para as persoas usuarias é de balde	

Educación	Área 2	Código 2.3
<b>CERTAMES CEIP</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Fomentar a creación artística do alumnado do CEIP Xermade	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Favorecer o coñecemento da cultura tradicional e a contorna do alumnado do CEIP Xermade	
<b>c. Prazo</b>	Anual	

<b>d. Custo presupostado</b>	3.000,00 €
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrencia
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica realízase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Educación	Área 2	Código 2.4
<b>ANPA CEIP XERMADE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte e a cultura no ámbito escolar e fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	500,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio	

Educación	Área 2	Código 2.5
<b>UNED SÉNIOR</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Formación para maiores de 55 anos	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Mellorar a calidade de vida, autonomía persoal, coñecemento da contorna e relacións sociais dos maiores de 55 anos do municipio	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	2.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio	

### 13.3. Área 3. Promoción cultural.

Establécense tres liñas: en primeiro lugar as subvencións en réxime de concorrencia competitiva para fomento de actividades culturais (20.685,00 euros, conxunto coa liña de deportes) e para o Premio Xermade na Historia (dotado con 3.000 euros); e por outro lado, o convenio coa Asociación de Veciños de Cabreiros para realizar a "Invernada de cine".

Promoción cultural	Área 3	Código 3.1
<b>CULTURAIS LIBRE CONCORRENCIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Favorecer a iniciativa cidadá organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	20.685,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrência	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.2
<b>PREMIO XERMADE NA HISTORIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Favorecer a iniciativa cidadana organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Fomentar o estudo do patrimonio etnográfico e cultural do municipio	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	3.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Plan único Deputación/recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrência	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.3
<b>INVERNADA DE CINE DE CABREIROS</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Favorecer a iniciativa cidadana organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	500,00€	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	

<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativas
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio

#### 13.4. Área 4. Festexos e tradicións populares.

Establécense tres liñas:

1ª. Subscrición de convenios de colaboración coas asociacións de festas para que se beneficien da tarifa simplificada do Concello en virtude da adhesión ao convenio entre a FEMP e as SGAE, que ten un custe de 2.168,79 euros anuais.

2ª. Premios en metálico e especie no concurso de Entroido organizado polo concello.

3ª. Concurso de decoración de Nadal para vivendas e locais comerciais.

<b>Festexos e tradicións populares</b>	<b>Área 4</b>	<b>Código 4.1</b>
<b>COLABORACIÓN FESTAS</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Apoiar a iniciativa cidadana para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos e os dereitos de autor	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	2.168,79 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Subscrición convenio para desfrutar da tarifa simplificada da SGAE	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a asunción polo concello dos gastos da SGAE mediante a sinatura dun convenio de colaboración con cada entidade organizadora, a fin de que se beneficien da tarifa simplificada do concello	

<b>Festexos e tradicións populares</b>	<b>Área 4</b>	<b>Código 4.2</b>
<b>PREMIOS DE ENTROIDO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Fomentar a participación cidadana en actividades de ocio e tempo libre con tradición no municipio, respectando os valores democráticos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar a pervivencia dun evento público de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer como é o Entroido.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	1.200,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrencia	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.3
<b>CONCURSO DE NADAL</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Apoiar a iniciativa cidadana para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer dirixidos ás crianzas.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	650,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrència	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

### 13.5. Área 5. Promoción e fomento de deporte.

Contémplanse catro liñas no ámbito deportivo:

- Unha en libre concorrència, para actividades deportivas.
- Premios "Trofeo de fútbol Manuel González Fernández".
- Catro nominativas para os clubs de Xermade.
- Trofeos Carreira popular

Deportes	Área 5	Código 5.1
<b>ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS LIBRE CONCORRENCIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Contribuir ao fomento das entidades deportivas municipais	
<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas</li> <li>- Apoiar ás entidades na adquisición de equipamentos deportivos</li> <li>- Apoiar ás entidades nos desprazamentos a competicións deportivas fóra da comunidade autónoma</li> </ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	20.685,00 € (conxuntamente coas actividades culturais)	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrència	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.2
<b>CLUBES DE FUTBOL DE XERMADE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte federado	

<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol de base
<b>c. Prazo</b>	Anual
<b>d. Custo presupostado</b>	2.000,00 €
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.

Deportes	Área 5	Código 5.3
<b>TROFEO DE FUTBOL "MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ"</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol de base	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	2.050,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Plan Único Deputación/recursos propios	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrencia	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.4
<b>CARREIRA POPULAR</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do atletismo	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	1.150,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Plan Único Deputación/recursos propios	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrencia	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

### 13.6. Área 6. Protección civil.

Establécese unha subvención nominativa á Asociación de Voluntarios/as de Protección Civil de Xermade, dotada con 2.000 euros.

Protección Civil	Área 6	Código 6.1
<b>ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE XERMADE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Fomentar a existencia dunha asociación de voluntarios para facer fronte a situacións de risco para as persoas e os bens no municipio	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar á Asociación de Voluntarios de Protección Civil para que poda facer fronte aos seus gastos de funcionamento	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	2.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Plan único/recursos propios	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio e asunción de gastos por parte do concello, financiados con cargo ao programa de protección civil do plan único provincial	

Xermade, 9 de novembro de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3519

### *Anuncio*

#### **Asunto: exposición pública do Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de xermade para a redución da temporalidade no período 2023-2026**

O Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 9 de novembro de 2023, aprobou inicialmente o Plan de ordenación de recursos humanos do Concello de xermade para a redución da temporalidade no período 2023-2026.

Co obxecto de que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións e reclamacións que estimen convenientes, exponse ao público o documento durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O Plan considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Xermade, 9 de novembro de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3520

### **XOVE**

### *Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o 8 de novembro dos presentes aprobouse o expediente de modificación de créditos número 15/2.023, de Suplemento de Crédito, por importe de 227.000,00 €.

De conformidade co establecido no artigo 42 do RD 500/1990, de 20 de abril, en relación co 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público na Intervención deste Concello polo prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións ante o Pleno. Non obstante, por aplicación do apartado 6 do artigo 177 do citado texto legal, o presente expediente terá carácter inmediatamente executivo.

No suposto de que non se presenten reclamacións considerarase aprobada definitivamente a modificación de créditos, podendo presentarse recurso contencioso-administrativo desde a data da aprobación definitiva.

Xove, 8 de novembro de 2023.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3485

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - XERMADE

#### Anuncio

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2022-2023.

BDNS (Identif.): 725552

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/725552>)

APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2022-2023.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade aprobou, na sesión ordinaria que tivo lugar o 02/11/2023, as bases e a convocatoria pública de subvencions municipais a familias polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a para o ano 2022-2023, cuxo texto íntegro se transcribe de seguido:

“BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A FAMILIAS POLO NACEMENTO, ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, ANO 2022-2023. EXPTE. 640/2023.

#### 1.- DISPOSICIONS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencions municipais do Concello de Xermade, por nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a no presente exercicio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencions son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencions.

A concesión das subvencions previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

#### 2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIONS

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a.

Establécese na base de execución do orzamento 51 unha subvención de 900,00 € por neno/a nacido/a no Concello do 1 de decembro de 2022 ao 30 de novembro do ano 2023, sempre que se solicite polos proxenitores e se acredite un empadramento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2022, debendo a crianza cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.

No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

A dotación orzamentaria é de sete mil douscentos (7.200,00€) euros.

O gasto derivado das subvencions outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 231.480 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2023.

No caso de que quedaren sen atender subvencions por nenos/as nacidos/as no exercicio anterior por falta de crédito orzamentario, atenderase prioritariamente ás mesmas sempre que cumpran os mesmos requisitos referidos ó exercicio anterior. Atenderase á subvención por orde de data de nacemento.

Os/As nenos/as nacidos en decembro de 2023 terán prioridade no outorgamento de subvencions no vindeiro exercicio.

#### 3.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencions previstas nas presentes Bases os proxenitores de fillos/as nados/as do 1 de decembro de 2022 ao 30 de novembro do ano 2023, sempre que conste acreditado o empadramento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2023 (coa excepción da base anterior), debendo o nacido cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.



No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

Asemade deberán acreditar:

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.

Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social

Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

#### **4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE**

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición das Bases no Boletín Oficial da Provincia, ata o 30 de novembro de 2023.

4.2.- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Xermade de 9:00h a 14:00h ou calquera dos rexistros previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada polos proxenitores da crianza, ou por quen teña conferida a tutela, e acompañada de fotocopia do DNI e do libro de familia. O empadramento dos pais verificarase de oficio polo Concello.

2. Certificado de empadramento da crianza.

3. Certificación dos datos bancarios das persoas solicitantes.

4. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

#### **5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO**

Outorgaranse as axudas por orde de data de nacemento, adopción ou acollemento, ata esgotar o crédito previsto na partida correspondente.

No caso de incumprir os criterios de concesión das axudas, as cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

#### **6.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS**

6.1.- O órgano instrutor será a traballadora social do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada pola instrutora, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.

Vogais: a concelleira delegada de servizos sociais e a educadora familiar.

Secretaría: o/a secretario-interventor do Concello.

6.3. Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de quince días hábiles contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

## 7.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe permanecer inscrito/a no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.
2. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe matricularse no CEIP de Xermade.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, tanta información lles sexa requirida.
3. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

## 8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, como máximo o día 30 de novembro de 2023, do modelo normalizado de solicitude de pagamento que se facilitará no Concello.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo antes do 31 de decembro do 2023, sempre e cando os/as beneficiarios/as acrediten estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

## 9.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento do deber de que o/a neno/a figure empadroadado/a no municipio e se matricule no CEIP de Xermade dará lugar á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

## 10.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2023.”

Xermade 7 de novembro de 2023.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3486

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓN (BDNS) - XOVE

### *Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA ALCALDE Nº 2023-1346 DO 6 DE NOVEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO ELABORACIÓN DE POSTAIS DE NADAL 2023

BDNS (Identif.): 725085

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/725085>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroadado/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa postal a concursar na Biblioteca Municipal con data límite 11 de decembro de 2023.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de postais de Nadal organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de libros ou material escolar valorados en 30 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Unha das postais premiadas poderá ser seleccionada como postal institucional do Concello para as vindeiras festas de Nadal.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

Xove, 6 de novembro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3487

### *Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-1315 DO 6 DE NOVEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE KARAOKE DE NADAL 2023

BDNS(Identif.): 725181

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/725181>)

Primeiro. Requisitos dos participantes.

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquera persoa.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de karaoke de Nadal organizado polo Concello de Xove.

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou do seu titor legal, para o caso de menores de idade.

A ficha de inscrición deberá presentarse persoándose nas dependencias do Concello, no despacho do Técnico de Cultura. O prazo normal para inscribirse no Concurso remata o xoves 28 de decembro de 2023 ás 15:00 horas. Tamén poderá realizarse a inscrición o mesmo día do concurso, o 29 de decembro de 2023, de 17:00 a 19:00 horas no Pavillón Municipal de Xove. Non obstante, para os ensaios previos ao concurso terán preferencia os inscritos antes nas dependencias do Concello e tomarase en todo caso en consideración a súa orde de inscrición.

A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

Quinto.- Contía dos premios.

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 900 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Haberá tres categorías: Peques, iunior e veteranos. En cada unha destas categorías premiarase a "Mellor voz" (2 premios) e "Mellor caracterización". No primeiro caso, para a concesión do premio, o xurado atenderá á calidade da voz, modulación ou entonación. No segundo caso valorarase o vestiario, maquillaxe e aspectos similares.

Peques.

Poderán participar nesta categoría os menores de 12 anos

Premio á "Mellor voz" (2 premios): 60 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 60 euros

Iunior

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 12 anos ou máis e que non cumpriran os 18 anos.

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 90 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 90 euros

Veteranos

Poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 anos ou máis.

Premio á “Mellor voz” (2 premios): 150 euros

Premio á “Mellor caracterización”: 150 euros

A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

XOVE, 6 de novembro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3488